

Puntualización a Martiño Cabanas e a quen poider estar interesado

Martiño Cabanas López escribe en ANT do 9 de Nadal unha nota que quixera apostilar. Fágoo a título particular, aínda que son membro activo da FPG e da súa Dirección nacional.

1º.- A FPG aprobou e asumiu na súa IV Asemblea Nacional, un texto titulado "Por unha política lingüística independentista", e a el permanece fiel. Quen queira consultalo pode facelo pedíndolle un exemplar do mesmo ao noso Partido ou, se cadra máis doadamente, no núm. 35 de *A Trabe de ouro* (xullo, agosto, setembro 1998).

2º.- Este texto remata así: "Chamamos a aqueles patriotas galegos que discrepen das normas ortográficas oficiais a que as acaten deica o intre en que Galicia acade o monolingüismo galego superando a diglosia que hoxe ameaza coa disolución da nosa lingua. Igualmente os chamariamos a este acatamento se as normas oficiais fosen outras diversas".

3º.- A título particular recoméndolle a Martiño Cabanas tamén a lectura de "Notas de filoloxía política" (*A Trabe de Ouro*, núm. 38, abril, maio, xuño, 1999), artigo co que eu me relaciono un mundo ben e que é da autoría de Xabier Cordal Fustes.

4º.- A FPG mantén, en termos de lealdade mutua, relacións estables coas organizacións reintegracionistas AMI e *Primeira Linha*. Xunto con elas mobilizámonos o pasado 25 de Xullo e, hai poucos días, fixémoslo contra a Constitución e pola Autodeterminación.

5º.- A propaganda impresa xerada a tais efectos por estar tres organizacións foi dobre: unha, escrita na normativa oficial, do ILG-AG, e outra nunha das normativas chamadas reintegracionistas.

6º.- Pode estar seguro o compañeiro Cabanas López de que a FPG vai manterse dentro da liña marcada pola súa Asemblea. Na nosa Casa, que pode ser a súa cando queira, sómoslle "infusibles ao soplete e inatacables aos ácidos", por lle pedir emprastadas as palabras ao Castello clandestino.

7º.- Saúdos comunistas. ♦

X.L. MÉNDEZ FERRÍN

**Pode estar
seguro o
compañeiro
Cabanas López
de que a FPG vai
manterse dentro
da liña marcada
pola súa
Asemblea**

Clique aqui para ver [[também](#)]
19991209ant19a.pdf